



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Orientación e titoría	Código	652G01016	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	nuria.rebollo@udc.es	
Profesorado	Mendiri Ruiz de Alda, Paula Maria Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	paula.mendiri@udc.es nuria.rebollo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia aborda a orixe e os principios da orientación e da titoría, así como as funcións que debe desempeñar o/a Mestre/a de Educación Infantil na súa labor como titor/a. Tamén se tratan as principais liñas de actuación, estratexias e recursos para exercer a función titorial co alumnado, as familias e o resto da comunidade educativa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e do mestre na atención ás necesidades educativas especiais que se propoñan.
A10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
A11	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar.
A12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
A22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
A32	Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Determinar, a partir das necesidades do alumnado, familia ou resto da comunidade educativa, propostas de actuación.	A22	
	A32	



Enumerar as funcións do/a titor/a e do/a orientador/a en relación co alumnado, familias e resto do profesorado e explicar o que isto conleva.	A10 A11 A12 A22		
Transferir información a especialistas que colaboren co centro para a identificación e atención do alumnado con NEAE	A8		
Poñer en práctica as competencias sociais para traballar en equipo e salvar os obstáculos que vaian xurdindo.		B2 B4 B5 B11 B12 B22	C3
Defender a necesidade da formación continua como profesional e cidadá/n.		B14 B15	C3 C5 C7
Aplicar os principios éticos á práctica profesional e persoal.		B6	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Conceptualización da orientación e a tutoría.	Carácter polisémico do concepto de orientación. A orientación na aula: concepto de tutoría. O Plan de Acción Titorial.
Principios legais e psicopedagóxicos que rexen a orientación e a acción titorial.	Normativa legal vixente. Os principios da orientación. Aplicación dos principios na acción orientadora.
Funcións do profesorado titor.	En relación co alumnado. O/a titor/a e as familias. O/a titor/a e a súa relación coa comunidade educativa. O/a titor/a e a súa relación coa comunidade en xeral.
Liñas prioritarias da acción titorial na Educación Infantil	Liñas prioritarias da acción titorial na Educación Infantil.
Recursos para a acción titorial	A observación. Enquisa. Análise de documentos. O caderno de ida e volta e a axenda escolar.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B12	2	0	2
Sesión maxistral	A11 B4 B5 B11 C7	21	0	21
Simulación	A10 A32 B6	4	14	18
Lecturas	C3	0	15	15
Proba de ensaio	A8 A11 A12 A32 B2 B22 C6	2	17	19
Presentación oral	A10 A11 A12 A22 A32 B2 B5 B6 B11 B12 B15 B22 C3 C6	3	15.5	18.5
Proba obxectiva	A8 A11	1	14	15
Investigación (Proxecto de investigación)	A22 B11 B14 C3 C5	3	16	19



Aprendizaxe colaborativa	A12 B4 B5 B6 B11 B12 B22 C3 C6	6	15.5	21.5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Coas actividades iniciais identificaranse os coñecementos previos que os/as estudantes posúen da materia e presentárase a mesma.
Sesión maxistral	A través das sesións expositivas, as profesoras explicarán os diferentes temas e conceptos incluídos neles para a súa mellor comprensión (vídeos, presentacións autoexplicativas,...).
Simulación	O alumnado deberá actuar como titor/a ante diversas situacións nas que se traballarán as relacións interpersoais, o comportamento, as actitudes e os valores.
Lecturas	Os/as estudantes realizarán unha serie de lecturas sobre diferentes temáticas para profundar sobre determinados aspectos.
Proba de ensaio	Proba asíncrona na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do/a estudante polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Presentación oral	Os/as estudantes deberán facer unha presentación oral dalgunha temática traballada.
Proba obxectiva	Ao longo do transcurso da materia o alumnado realizará diferentes probas escritas para a avaliación continua do seu proceso de adquisición da aprendizaxe.
Investigación (Proxecto de investigación)	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico, a teoría dun ámbito de coñecemento.
Aprendizaxe colaborativa	Organizaranse, en clase, pequenos grupos de estudantes nos que se traballará conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Simulación Aprendizaxe colaborativa Presentación oral Investigación (Proxecto de investigación) Proba obxectiva	Orientarase aos estudantes, tanto dentro como fora da aula (presencial ou virtualmente mediante as ferramentas que habilita a UDC), a encamiñar ben o traballo e a aclarar aqueles aspectos que resultan máis complicados de comprender de modo que se asegure unha aprendizaxe significativa.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A8 A11 A12 A32 B2 B22 C6	Proba/s asíncrona/s na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do/a estudante polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	15
Simulación	A10 A32 B6	Valorarase a representación preparada en grupo e tutorizada pola profesora da materia.	15



Presentación oral	A10 A11 A12 A22 A32 B2 B5 B6 B11 B12 B15 B22 C3 C6	Valoraranse os coñecementos adquiridos, as habilidades para expoñelos publicamente e o uso das novas tecnoloxías.	25
Investigación (Proxecto de investigación)	A22 B11 B14 C3 C5	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico a teoría dun ámbito de coñecemento.	30
Proba obxectiva	A8 A11	Ao longo do transcurso da materia o alumnado realizará dúas probas escritas para a avaliación continua do seu proceso de adquisición da aprendizaxe.	15

Observacións avaliación

Atendendo as Normas de Avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario a materia aposta pola avaliación continua e as metodoloxías activas de aprendizaxe. Para superar a materia o alumnado deberá acadar un 5 na calificación global da mesma.

Polo tanto, o día marcado no calendario oficial non se realizará ningún exame, xa que a avaliación continua terá rematado ao finalizar a docencia da materia.

O alumnado que durante o curso perda a condición de asistente (80% da presencialidade nas sesións interactivas) terá que realizar as actividades restantes de forma individualizada.

Para o alumnado que por motivos xustificadas non poda asistir (incluído o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia), se manterá o mesmo sistema de avaliación, polo que deberá estar pendente das actividades plantexadas e das datas de entrega das mesmas.

É obrigatorio que o alumnado baixo esta modalidade (non asistente) o comunique nas dúas primeiras sesións do cuadrimestre mediante unha titoría coas docentes.

A convocatoria de xullo estará destinada ao alumnado que ben no superase a materia ou ben que non se presentase.

No primeiro caso (alumnado que non superou a materia na convocatoria de xuño), realizará novamente as actividades de avaliación continua que non aprobou. No segundo caso (alumnado non presentado) realizará todas as actividades de avaliación continua. Nos dous casos é preciso entregar as actividades con data límite dúas semanas antes da data oficial do exame de xullo de 2024. Realizándose a proba obxectiva que supón un 15% da calificación total, na data oficial.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado/a con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Bisquerra Alzina, R. (1998). Modelos de Orientación e Intervención Psicopedagógica. Praxis - Expósito López, J. (2014). La acción tutorial en la educación actual. Síntesis - Carrera, C., López, T., Matías, P. e Santamaría, C. (2016). Agenda de trabajo del orientador en centros educativos de Educación Infantil y Primaria. Narcea - González-Benito, A. y Vélaz-de-Medrano, C. (Ed.) (2014). La acción tutorial en el sistema escolar.. UNED. - Hernández Prados, M.A., Viudez Sánchez, N. y Guerrero Romera, C (2015). Percepción de las familias sobre las tutorías en la etapa de Educación Infantil. Ensayos, Revista de Facultad de Educación de Albacete 30(2) - Martín, X., Puig, J.M., Padrós, M., Rubio, L. y Trilla, J. (2008). Tutoría. Técnica, recursos y actividades. Alianza Editorial - Méndez Zaballos, L., Ruiz Llorente, J.M., Rodríguez Fernández, E. e Rebaque, E.M. de la O (2007). La tutoría en Educación Infantil. Wolters Kluwer - MEC (1992). La orientación educativa y la intervención psicopedagógica. Servicio de Publicaciones del MEC - Mérida Serrano, R., Ramírez García, A., Corpas Reina, C. & González Alfaya, M.E (2012). La orientación en educación infantil : una alianza entre los agentes educativos. Pirámide - Monge Crespo, C. (2009). Tutoría y orientación educativa. Nuevas competencias. Wolters Kluwer - Pantoja Vallejo, A. (2013). La acción tutorial en la escuela. Síntesis - Rodicio García, M.L. (2001). La Orientación en Galicia. Murcia. RIE - Sobrado Fernández, L.M., Fernández Rey, E. y Rodicio García, M.L. (Coords.) (2012). Orientación educativa. Nuevas perspectivas.. Biblioteca Nueva. - Sola Martínez, T. y López Sánchez, M. (2008). El Plan de Orientación y acción tutorial en Educación Infantil y Primaria: Recursos prácticos para su programación y ejecución. Ed. Universitat S.A. - Urosa Sanz, B. & Lázaro Fernández, S. (2017). La función tutorial en educación infantil y primaria: actividades que implica y dificultad percibida por el profesorado en su desarrollo. Revista Educatio Siglo XXI, 31 (2) <p>Para cada tema proporcionarase bibliografía e webgrafía específica.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Álvarez Rojo, V. (1994). Orientación Educativa y acción orientadora. Relaciones entre la teoría y la práctica. EOS - López Urquizar, N. y Sola, T. (2007). Orientación escolar y tutoría para las diferentes etapas de la educación. grupo editorial universitario - Salvador, X. y Rodicio, M.L. (1998). ¿Para onde camiña a orientación?. Universidade da Coruña - Vallet, M. (2010). Educar a niños y niñas de 0 a 6 años. . Wolters Kluwer

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



A entrega de traballos da materia realizarase de forma telemática. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia. Se seguirán as recomendacións da Oficina de Igualdade de Xénero "Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria incorporárase a perspectiva de xénero (linguaxe non sexista, bibliografía de autores/as, propiciárase a intervención en clase do alumnado...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías